

DÚBIDAS RECOLLIDAS POLA AREA DE ATENCIÓN AO CIDADAN DA SECCION DE BOLSAS DE ESTUDO¹

1) Podo ter dereito a unha bolsa de estudos se teño o título de bacharelato e quero estudar un GRAO PROFESIONAL DE MUSICA?

Resposta: Non. Aínda que pode solicitala igual.

2) ¿Quen é o solicitante os pais ou o alumno?

Resposta: A/ O solicitante/a sempre é o alumno/a. Se figuran os pais como solicitantes carrexará a denegación da bolsa.

3) No número de conta do banco ten que figurar o/a alumno/a como titular ou cotitular?

Resposta: SI

4) ¿Que é un alumno independente?

Resposta: E aquel que non depende economicamente dos seus pais, que **conta con recursos propios suficientes** e con titularidade/arrendamento da súa vivenda habitual

- Se vives cos teus pais ou dependes economicamente deles deberar marcar sempre que **non** e gravar aos membros da túa unidade familiar na folla 2.

5) ¿Qué datos académicos se teñen en conta?

Resposta: Os do **último curso** realizado

6) Unha vez presentada a solicitude a través do sistema on-line ¿Podo modificar os datos?

Resposta: NON. Debes cubrir unha nova solicitude. A anterior queda automaticamente anulada.

7) ¿Teño que presentala solicitude na UNIDADE TRAMITADORA?

Resposta: NON , unicamente que teñas que presentar documentación complementaria

8) ¿Unidade familiar?

Resposta:

Debe poñer tódolos membros que compoñan a unidade familiar ao 31 de decembro de 2021

- Se eres dependente economicamente: pais, irmáns menores de 25 anos ou maiores discapacitados- e avós sempre e cando vivan na unidade familiar
- Se es independente figurarás tí só e, no seu caso, a túa cónxuxe parella unida por análoga relación e os fill@s

9) Cando poderei modifica-los estudos?

Resposta:

Unha vez notificada, a través da sede electrónica, a resolución da baremación económica abrírase un prazo para pdoer moficalos estudos asi como para cubrir os datos de residencia (no caso de que vivira durante o curso fora da residencia familiar) , así como calquera outra cousa que o MEC considere convinte.

10) Se o prazo remata o 12 de maio e solicito a BOLSA posteriormente ¿que sucederá?

Resposta:

A bolsa será denegada por solicitude fora de prazo

11) ¿Cómo enviar a documentación complementaria que me requiren?

- A través dos Rexistros Administrativos:
 - Rexistros Xunta
 - Rexistros Concellos
 - Rexistros da Administración do Estado
 - Rexistros da Deputación Provincial
- Por correo postal
- Ordinario
- Certificado (caso de querer constancia de envío)
- A través da chave 365 (sempre e cando este autorizado/a)

Se quere solicitar cita previa para entregar documentación nos rexistros da Xunta pode facelo a través do seguinte enlace:

<https://www.xunta.gal>

1VALIDO SALVO ERRO OU OMISION.